

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2017

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día catorce de decembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1<sup>o</sup> do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 14 de decembro de 2017, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_201712141901050000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Proposta de modificación do Plan estratéxico de subvencións 2017-2019 para o exercicio 2018**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:00:21

Vista a proposta de Alcaldía do día 29 de novembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

“Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións (LXS) o concello antes do establecemento das subvencións debe ter aprobado con carácter previo un Plan estratéxico de subvencións, poñendo de manifesto nel os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo para a súa consecución, os custos previsibles a as fontes de financiamento. No mesmo sentido pronúnciase o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O Plan estratéxico de subvencións 2017-2019 do Concello de Cambre, aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 30 de marzo de 2017, estando previsto nel a formación dun grupo para o seguimento e avaliación do PES, así como a necesidade de actualización del previa á aprobación dos orzamentos 2018 e 2019.

#### *«4.2. Modificación do PES*

*Segundo o artigo 14.1 do Regulamento da LGS, o plan estratéxico poderá ser actualizado anualmente en 2018 e 2019 coa información relevante dispoñible e remitida por cada un dos departamentos.*

*A actualización realizarase antes da aprobación dos orzamentos, tendo en conta particularmente o previsto nas leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado. A indicada actualización realizarase por parte do Grupo para o seguimento e a avaliación e someterase a aprobación do pleno, e será publicitada nos mesmos termos que a aprobación do mesmo.»*

Visto o cal, convocáronse por esta Alcaldía sesións do grupo de seguimento do Plan estratéxico de Subvencións 2017/2019 para os días 8 e 22 de novembro de 2017 co obxecto de valorar as subvencións a incluír no orzamento municipal para o exercicio 2018, e finalmente de aprobar a proposta de modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2017-2019 para o exercicio 2018.

A proposta realizada polo grupo de seguimento con data 22 de novembro incorporase á presente proposta co fin de incluíla como Adenda ao Plan estratéxico 2017-2019, e tamén á proposta de orzamento municipal para o exercicio 2018,

**É por isto que se propón** ao Pleno da corporación, a adopción dos seguintes **acordos**:

**Primeiro:** Aprobar a modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2017-2019 para o exercicio 2018, segundo o disposto no punto 4.2 do PES, co seguinte tenor literal:

**«ADENDA AO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS  
2017-2019  
CONCELLO DE CAMBRE**

**Modificación do PES 2017-2019 para o exercicio 2018**

**3. AS LIÑAS DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE CAMBRE**

**3.1. Área 1. Acción social.**

Enmárcanse en dúas grandes áreas estratéxicas. Por un lado as emerxencias sociais, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade, e de forma novedosa unha segunda liña implementada a través Subvencións en libre concorrència dirixidas ás asociacións sen animo de lucro que ben operan no concello de Cambre ou con veciños de Cambre dentro de ámbitos de integración, multiculturalidade ou atención a persoas sen recursos e aos que, por parte da área de servizos sociais, se considera necesario apoiar economicamente.

**3.2. Área 2. Educación + servizos complementarios**

Nesta área establécense tres liñas. A primeira sería a colaboración mediante subvención nominativa con cada unha das AMPAS dos centros de escolarización obrigatoria existentes en Cambre.

Por outro lado becas para poder financiar en libre concorrència aqueles gastos de escolarización obrigatoria non financiados por outras administracións.

Por último, o programa Mañanceiro como alternativa que se oferta aos pais para poder conciliar vida familiar e profesional.

**3.3. Área 3. Promoción cultural.**

Establécense convenios con determinadas asociacións sen animo de lucro con importante implantación cultural no municipio, así como unha liña de 29.000,00 euros para que acudan as demais asociacións en libre concorrència.

#### 3.4. Área 4. Festexos e tradicións populares.

Subvención en libre concorrència ás asociacións de festas para que o concello colabore coa organización das diversas festas parroquiais. Constitúe o obxecto destas subvencións o colaborar no ocio e tempo de lecer e responsabilizar ás comisións da xestión dos mesmos.

#### 3.5. Área 5. Promoción e fomento de deporte.

Dúas liñas en libre concorrència, para clubs e deportistas de elite así como seis nominativas para os clubs máis representativos de Cambre compoñen o menú de subvencións que serven para fomentar o deporte en Cambre nas súas dúas vertentes, como instrumento de convivencia e no seu canle de competición.

#### 3.6. Área 6. Promoción empresarial.

Establécense tres liñas de acción, dúas a través de subvencións en libre concorrència como son o programa Cambre Emprende II e unha nova liña de subvencións dirixida ás asociacións de empresarios do municipio de Cambre, e unha terceira en forma de subvención nominativa dirixida á Asociación de Empresarios Polígono Industrial Espírito Santo co obxecto de apoiar o estímulo empresarial no termo municipal, favorecendo a competitividade das empresas cambresas e a colaboración cos autónomos.

#### 3.7. Área 7. Transporte.

Dotar de soporte orzamentario ao acordo adoptado coa Xunta en materia de transporte metropolitano.

#### 3.8. Área 8. Outras.

Para mantemento dos grupos políticos conforme ás bases de execución do orzamento e acordo plenario ao respecto.

#### Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións.

Acción Social	Área 1	Código 1.1
<b>AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico.</li> <li>- Manter a familia como unidade básica de convivencia</li> <li>- Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida</li> <li>- Facer fronte a situacións de desprotección</li> <li>- Evitar situacións de marxinação</li> <li>- Axudar a conseguir a súa autonomía económica</li> <li>- Consegur a súa integración social</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	160.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Concesión directa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Acción Social	Área 1	Código 1.2
<b>ASOCIACIÓN SEN ANIMO DE LUCRO DE CARACTER SOCIAL</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Contribuír ao fomento das actividades das entidades sen animo de lucro de acción social no desenvolvemento de aquelas que beneficien aos veciños e veciñas de Cambre no ámbito social (actividades con persoas en risco de exclusión social por razón da súa discapacidade ou circunstancias de natureza económica ...)	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico.</li><li>- Axudar ás familia</li><li>- Facer fronte a situacións de desprotección</li><li>- Evitar situacións de marxinação</li><li>- Axudar a conseguir a súa autonomía funcional e social</li><li>- Consegur a súa integración social</li></ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	20.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrancia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Educación	Área 2	Código 2.1
<b>BECAS DE ESTUDO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Fomentar o estudo	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Favorecer a escolarización dos veciños e veciñas de Cambre en idade escolar.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	24.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrancia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Educación	Área 2	Código 2.2
<b>PROGRAMA MAÑANCEIRO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Cambre con nenos e nenas en idade escolar.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	75.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrancia	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realízase a través da asunción polo concello de parte do custo do servizo e o establecemento de bonificacións ás tarifas a aboar polo usuario, tal e como se aproben polo Pleno e se establece nos pregos da licitación.	

Educación	Área 2	Código 2.3
<b>ANPA CEIP W. FDEZ FLOREZ</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	30.120,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Educación	Área 2	Código 2.4
<b>ANPA CEIP PORTOFARO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	20.020,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.5
<b>ANPA CEIP EMILIO GONZALEZ LÓPEZ</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	19.759,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.6
<b>ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	22.580,60 euros	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.7
<b>ANPA CEIP O GRAXAL</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	20.342,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
<b>CULTURALS LIBRE CONCORRENCIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Favorecer a iniciativa cidadán organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	29.000,00 € (25.000 € gasto corrente e 4.000 € investimento)	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrência	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.2
<b>ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Favorecer o desenvolvemento persoal e comunitario e a comunicación por medio da linguaxe universal por excelencia, a música.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	- Proporcionar unha formación musical teórica e práctica de base á poboación interesada - Realizar espectáculos musicais de carácter afeccionado para disfrute da poboación.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	45.000,00€	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.3
<b>FUNDACIÓN W. FERNÁNDEZ FLÓREZ</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Facilitar o desenvolvemento persoal e comunitario por medio do coñecemento e da práctica de distintas manifestacións culturais: o teatro, a literatura e outras tradicións culturais (a música tradicional)	
<b>b. Obxectivo específico</b>	- Proporcionar espazos para a lectura de obras literarias, para o encontro e o diálogo con artistas, a formación e a experimentación do teatro afeccionado e a música vocal tradicional. - Realizar espectáculos de música, teatro, encontros con artistas, escritores, etc, á poboación.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	11.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.4
<b>ESCOLA DE MÚSICA E BAILE AS MARIÑAS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Favorecer o mantemento e a práctica da música e o baile tradicional galego e o intercambio cultural con outras comunidades do estado español.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	- Ofertar a oportunidade da práctica grupal da música e o baile tradicional galego á poboación interesada, - Realizar espectáculos de música e baile tradicional para a poboación.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	3.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.1
<b>COMISSIONS DE FESTAS LIBRE CONCORRENCIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Apoiar a iniciativa cidadán para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	50.000,00 € (40.000 € festas e 10.000 € traslados aparellos)	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrència	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.1
<b>ASOCIACIONES DEPORTIVAS LIBRE CONCORRENCIA</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Contribuír ao fomento das entidades deportivas municipais	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas</li> <li>- Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos</li> <li>- Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas fóra da comunidade autónoma</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	29.000 € (22.000 € gasto corrente e 7.000 € investimento)	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrència	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.2
<b>BOLSAS DEPORTISTAS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Contribuír ao fomento dos deportistas de Cambre	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción dos deportistas de Cambre a nivel nacional /europeo/ mundial	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	12.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrència	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.3
<b>CAMBRE BALONCESTO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte escolar e federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do baloncesto especialmente o escolar e de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	9.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.4
<b>CLUBS DE FUTBOL DE CAMBRE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte escolar e federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol especialmente o escolar e de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	31.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.5
<b>BEISBOL CAMBRE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte escolar e federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do beisbol especialmente o escolar e de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	1.400,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.6
<b>CLUB DE HOCKEI CAMBRE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte escolar e federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do hockei especialmente o escolar e de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	1.800,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.7
<b>JUDO CLUB CAMBRE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte escolar e federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do judo especialmente o escolar e de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	1.800,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.8
<b>CLUB CICLISTA CAMBRE</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Promocionar o deporte escolar e federado	
<b>b. Obxectivo específico</b>	Apoiar o desenvolvemento e promoción do ciclismo especialmente o escolar e de base	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	31.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

Promoción económica	Área 6	Código 6.1
<b>CAMBRE EMPRENDE II</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación a lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre de forma individual ou a través de microempresas e pequenas empresas, independentemente da súa forma xurídica,</li> <li>- Facilitar a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas</li> <li>- Creación de emprego no municipio</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	35.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrência	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción económica	Área 6	Código 6.2
<b>SUBVENCIÓNS Á ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Colaboración cos axentes económicos do municipio na dinamización das actividades comerciais.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomentar o asociacionismo empresarial no municipio.</li> <li>- Mellora da competitividade das actividades empresariais.</li> <li>- Posta en marcha de campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio.</li> <li>- Mantemento do comercio e da hostalería no municipio.</li> </ul>	





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

<b>c. Prazo</b>	Anual
<b>d. Custo presupostado</b>	20.000,00 €
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrencia
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Promoción económica	Área 6	Código 6.3
<b>EMPRESARIOS POLIGONO DO ESPIRITU SANTO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Colaboración no mantemento dos servizos comúns do Polígono industrial	
<b>b. Obxectivo específico</b>	- Mellora dos accesos ao polígono industrial e posta en valor das zonas comerciais e industriais no municipio	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	18.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio.	

TRANSPORTE	Área 7	Código 7
<b>TRANSPORTE METROPOLITANO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Establecer melloras na comunicación do núcleo de Cambre coas parroquias así como as liñas interurbanas.	
<b>b. Obxectivo específico</b>	- O fomento do transporte público como alternativa sostible ao transporte privado. - Fomentar as comunicacións de todas as parroquias. - Evitar o illamento de núcleos peor comunicados - Evitar o illamento de persoas que non poidan conducir vehículos privados.	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	160.000,00 € (ampliable conforme liquidación da Xunta)	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios.	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Conforme a convenio da Xunta	
<b>g. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio coa Xunta	

Otros	Área 8	Código 8
<b>SUBVENCIÓN GRUPOS POLÍTICOS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	<b>Colaborar no mantemento dos grupos políticos.</b>	
<b>b. Obxectivo específico</b>	- Fomentar a participación política. - Custear gastos de traballo dos grupos. - Permitir o traballo dos diversos grupos representados no pleno de maneira digna	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	33.000,00 €	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Mixta (nominativa condicionada a bases de execución e acordo plenario)	
<b>g. Plan de actuación</b>	Regulada en bases de execución e acordo plenario	

**Segundo:** Publicar a modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2017/2019 na paxina web municipal ([www.cambre.es](http://www.cambre.es)), e dar conta aos xefes das áreas municipais afectadas.]"

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 11 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga

Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 2. Proposta de aprobación do Orzamento Xeral e do Cadro de persoal do Concello de Cambre para o exercicio 2018

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:06:58

Vista a proposta de Alcaldía do día 29 de novembro de 2017 que consta do seguinte teor literal:

«Confeccionado o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Cambre para o exercicio 2018, que inclúe exclusivamente o do Concello.

Visto que a súa estrutura orzamentaria se axusta ás normas contidas na Orde de 3 de decembro de 2008 do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/3565/2008), publicada no BOE número 297, do 10 de decembro, aplicable aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2010 e seguintes, modificada pola OM HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Visto que o estado de gastos recolle os créditos necesarios para atender as obrigas esixibles durante o ano 2018 e o estado de ingresos as previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar.

Visto que o orzamento xeral contén toda a documentación prevista na lexislación vixente.

De conformidade cos artigos 168 do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLFL) e 90 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local,

Propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Cambre para 2018, que ascende a un importe de 17.146.566,66 euros, co seguinte resumo por capítulos:

CAPÍTULO INGRESOS	TOTAL	CAPÍTULO GASTOS	TOTAL
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	5.851.175,51	1 GASTOS DE PERSOAL	6.014.519,04
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	260.000,00	2 G.TOS. BENS CTES. E SERV.	7.241.366,76
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.972.500,00	3 GASTOS FINANCIEROS	53.576,60
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.920.590,78	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.166.968,98
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	450,00		
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>16.004.716,29</b>	<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>14.476.431,38</b>
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	2.089.000,00
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	577.384,04	7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	11.000,00
8 ACTIVOS FINANCIEROS	23.610,00	8 ACTIVOS FINANCIEROS	23.610,00
9 PASIVOS FINANCIEROS	540.856,33	9 PASIVOS FINANCIEROS	546.525,28
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>1.141.850,37</b>	<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>2.670.135,28</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>17.146.566,66</b>	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>17.146.566,66</b>

**Segundo:** Aprobar inicialmente as bases de execución do Orzamento para 2018.

**Terceiro:** Anular as modificacións de crédito que se efectúen sobre o orzamento prorrogado ata a aprobación definitiva do orzamento para habilitar créditos contidos neste orzamento, que se teñan por incluídas nos créditos e previsións iniciais do orzamento de 2018.

**Cuarto:** Expoñer ao público o anuncio de aprobación inicial por prazo de quince días hábiles mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións ante o Pleno, que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral do Concello para o 2018.

**Quinto:** Aprobar o cadro de persoal do Concello de Cambre para o ano 2018 segundo se transcribe a continuación:

### PERSONAL FUNCIONARIO 2018

Denominación da Praza	Prazas	Grupo-Subgrupo	Escala	Subescala	Clase
Secretaría Xeral	1	A1	Habilitación estatal.	Secretaría	Superior
Interventor	1	A1	Habilitación estatal.	Intervención-Tesourería	Superior
Tesoureiro	1	A1	Habilitación estatal	Intervención-Tesourería	Superior
Técnico	2	A1	Administración Xeral	Técnica	
Arquitecto	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Enxeñeiro de camiños, canles e portos	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Bibliotecaria -arquivoira	1	A1	Administración Especial	Técnica	Técnicos superiores
Coordinador actividades culturais e educativas	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Coordinador de servizos sociais	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Axente de desenvolvemento local	2	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de promoción económica	1	A1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Técnico de xestión	2	A2	Administración xeral	Xestión	
Aparellador	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico industrial	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Enxeñeiro técnico de obras públicas	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Graduado social	1	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Técnico de xestión económico -financiera	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Traballadora social	3	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Educador social	2	A2	Administración Especial	Técnica	Técnicos medios
Dinamizador cultural	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Inspector policía local	1	A2	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Coordinador deportivo	1	B	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Administrativo	6	C1	Administración Xeral	Administrativo	
Delineante	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Encargado de obras	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Encargado de servizos	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador xuvenil	1	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Animador deportivo	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Oficial policía local	2	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Policía local	22	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Policía Local
Administrador sistema informático	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Informático auxiliar	1	C1	Administración Especial	Técnica	Técnicos auxiliares
Auxiliar administrativo	26	C2	Administración Xeral	Auxiliar	
Auxiliar réxime interior	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar turismo	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar biblioteca -arquivo	6	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Auxiliar monitora 3ª idade	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Axente protección civil	4	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Informador xuvenil	1	C2	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais
Conserxerxas	16	Outras agrupacións profesionais	Administración Xeral	Subalterna	
Capataz de brigada de obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Oficial obras	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Operario parque móbil e inmobles	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais.
Operario condutor	2	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Operario servizos	2	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Persoal de oficios
Asistente domiciliaria	1	Outras agrupacións profesionais	Administración Especial	Servizos especiais	Cometidos especiais

### PERSONAL LABORAL

Denominación da praza	Prazas	Titulación categoría profesional	Observacións
Operario servizos	1	Certificado de escolaridade ou equivalente	En proceso de funcionalización

### PERSONAL EVENTUAL

Denominación posto de traballo	Número de prazas
Asesor/a Alcaldía	1
Secretaría/o obras e servizos	1
Secretaría/o de benestar social	1
Asesor/a de cultura	1

### Resumo

Personas funcionario	131
Personas laboral	1
Personas eventual	4

O expediente exporase ao público na Intervención municipal polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o seguinte ao da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, coa finalidade de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o Cadro de Persoal do ano 2018, de conformidade co disposto no artigo 126 do Real decreto legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes do réxime local, remitindo copia ao Ministerio de Administracións Públicas, e ao órgano competente en materia de réxime local da Comunidade Autónoma, dentro do prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia* xunto co resumo do orzamento.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 11 de decembro de 2017.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Votan en contra os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup> Vázquez Golpe). Abstéñense os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **3. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”**

*Acceso á videoacta:* Minuto 00:52:56

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 30 de novembro de 2017, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 11 de decembro de 2017.

Vista a proposta de emenda do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día de hoxe, na que se modifica a proposta de acordos ditaminados na comisión, no que se refire ao punto primeiro, letra F), que queda redactado do seguinte teor literal:

#### **“F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2018” aplicado á redución da débeda
BANCO DE SABADELL, S.A.	8075512816/54	354.856,85 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>354.856,85 €</b>

Sométese a debate e votación a proposta tal e como se transcribe a continuación:

«O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS +) do ano 2018 cuxas bases foron publicadas no BOP número 188 do 3 de outubro de 2017.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+ 2018 dun total de 1.264.046,00 €, correspondendo 440.752,88 € a “Acheга provincial 2018”, 432.436,79 € a “Acheга provincial 2017” e 390.856,33 € a “Préstamo provincial 2018”.

Segundo o disposto na base 2 das reguladoras do Plan, a “acheга provincial 2017” deberá destinarse ao pago de provedores cando o período de pagamento das súas facturas de importe igual ou superior a 100 € (IVE engadido), exceda en máis de tres meses o período de pagamento establecido no RD 635/2014. A cantidade restante poderá destinarse á realización de investimentos financeiramente sostibles, e ao financiamento das achegas municipais para investimentos incluídos noutros Plans, Programas ou Convenio.

A “acheга provincial 2018” deberá destinarse ao pago de provedores, unha vez esgotada a cantidade correspondente á “acheга provincial 2017”, e o resto ao financiamento de gastos correntes, á realización de investimentos, ao financiamento de honorarios de redacción de proxectos e ao financiamento das achegas municipais para investimentos incluídos noutros Plans, Programas ou Convenio.

Finalmente, o “préstamo provincial 2018” deberá destinarse a reducir o endebedamento do Concello con entidades financeiras, como mínimo, o importe resultante de aplicar ao dito préstamo provincial 2018, a porcentaxe do seu “nivel de endebedamento” calculando para iso a proporción que representa o volume total do capital vivo das súas operacións de crédito vixentes a longo prazo, respecto dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, e o resto á realización de investimentos.

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “acheга 2017” aos investimentos financeiramente sostibles, que se indican a continuación:

Denominación	
Proxecto básico e de execución de reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Cambre. Fase I	98.702,01 €
Proxecto básico e de execución do espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala. Cambre	240.951,42 €
Proxecto básico e de execución para a remodelación, mantemento e conservación do Paseo dos Templarios. O Temple	55.444,21 €
Mellora do parque infantil e pista polideportiva de A Balastreira (Cecebre) e do parque infantil de O Souto (Sigrás)	37.445,91 €

Estes investimentos supoñen un total de 432.543,55 €, polo que o Concello de Cambre deberá aportar 106,76 €.

- Destinar a totalidade da asignación da “acheга 2018”, a gasto corrente.
- Destinar o importe correspondente ao “préstamo 2018”, ao investimento que se indica continuación:

Denominación	Importe
Descrición técnica para o acondicionamento do lateral da pista polideportiva de Santa María de Vigo e cuberta do acceso ao polideportivo do Temple. Cambre	35.999,48€

Ademais, as bases reguladoras do POS+ 2018, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 20% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 252.809,20 €. Proponse como actuacións, os seguintes investimentos:

Denominación	Importe
Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre	59.826,84 €
Pavimentación do viario municipal 00307, Sobrecarreira, Sigrás, Cambre.	33.639,32 €
Ampliación do saneamento no Vilar (Sigrás)	44.541,72 €
Ampliación de saneamento en Nebrixe (Bribes)	65.716,38 €
Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraiz (Cecebre)	32.778,85 €
Renovación da rede de abastecemento en Peiraio, nos camiños municipais 00210 e 00259, Bribes.Cambre	90.308,41€

A elección dos proxectos de investimento a escoller tivo en conta varios factores: a Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local (EIEL) xestionada pola Deputación, as demandas veciñais, as propostas realizadas polos grupos municipais nos últimos tempos así como as propostas do goberno municipal.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

O proxecto denominado “Proxecto básico e de execución de reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González e Pablo Manzano. Cambre (Fase I)”, ten por obxecto expandir os espazos públicos do Campo da Feira e Feira Pequena e en certa maneira facer crecer a superficie de espaxamento e recreo existentes e interconectalos coas actuacións urbanísticas de vivenda colectiva de maior escala e as súas propias zonas verdes xa existentes. Así mesmo, nun intento de remarcar esta vontade de inter-conexionar os espazos públicos existentes, propónse unhas novas zonas de cruce da estrada AC-214, tratadas como senda peonil sobreelevada que pretende cambiar a escala de percepción de dita vía rodada para convertela nunha vía de tránsito máis urbano co obxectivo de que esta conexión buscada sexa o máis real posible. Tanto a elección dos pavimentos propostos, así como o mobiliario urbano e a especie vexetal para arboredo urbano responden a esta premisa de dotar ao “centro” de Cambre dunha imaxe urbana coherente e homoxénea co obxectivo de “coser” os tecidos urbanos existentes nos cales aínda conviven diferentes escalas edificatorias independentes entre si.

O goberno municipal propón como outra das actuacións a incluír no POS + 2018 principal, o “proxecto básico e de execución do espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala. Cambre”. Trátase de darlle a volta á praza, investindo sinerxias, eliminando recorridos principais para convertelos en verdadeiras entradas á praza. Para iso é necesario crear expectativas para entrar nela e sobre todo para quedarse. Dispoñer espacialmente axudados polos pavimentos, o arboredo, a iluminación e o mobiliario urbano, de fitos que rompan os eixes xeométricos actuais e que rompan a súa vez os percorridos establecidos, invitando ao usuario a sentarse, charlar e desfrutar da praza. Tanto a elección dos pavimentos propostos, así como o mobiliario urbano e a especie vexetal para arboredo responden a esta premisa de dotar á Praza 1º de Maio dunha imaxe urbana coherente e homoxénea co obxectivo de devolverlle o protagonismo ao peón, ao veciño, de xeito que o espazo interior da praza sexa protagonista e non as edificacións, como ocorre na actualidade.

Outro proxecto que se propón incluír é o “Proxecto básico e de execución para a remodelación, mantemento e conservación do Paseo dos Templarios. O Temple”. A xustificación deste proxecto radica en que na marxe da calzada situado do lado da ría, existen unhas illas axardinadas que separan a calzada da zona peonil do paseo e que son utilizadas como aparcamento polos vehículos ante a falta de prazas habilitadas para tal fin na zona, polo que se atopan completamente deterioradas e sen vexetación, o que afeaa considerablemente a estética de todo o paseo. Coas obras propostas preténdese acondicionar as mencionadas illas como prazas de aparcamento aliviando, deste xeito, a escaseza de prazas de aparcamento en todo o paseo. Para compensar na medida do posible a perda das zonas axardinadas coas actuacións propostas, preveise a construción de novas illas entre as prazas de aparcamento. A superficie axardinada que se xerará será de 20 m<sup>2</sup>, e se colocarán 9 árbores novas.

Finalmente, dentro do POS + 2018 principal inclúese a actuación denominada “Mellora do parque infantil e pista polideportiva de A Balastreira (Cecebre) e do parque infantil de O Souto (Sigrás)”. No parque infantil da Balastreira, fórmulase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armada

sobre unha capa de zorra artificial en toda a superficie de xogos. Colocaranse 12 metros de valo de seguridade. Colocaranse unha serie de xogos totalmente novos, destacando a presenza de xogos adaptados para persoas con diversidade funcional, que non se atopan nunha zona aparte, senón totalmente integrados na área infantil, posto que os xogos adaptados poden ser utilizados simultaneamente por nenos con discapacidade e por nenos sen ela. Así mesmo se instalará unha fonte con dous billas, adaptada a persoas con diversidade funcional. Finalmente se mellorará a drenaxe da zona coa execución de dous sumidoiros in situ conectados a unha canalización de PVC 160 na parte inferior do parque.

Na pista polideportiva da Balastreira, logo de ver o deficiente estado do cerramento perimetral deteriorado coa malla de simple torsión deformada e solta en varios puntos, preténdese cambiar en toda a súa altura por cerramento de rede de nylon parabalóns. Ademais de restaurar as canastras e as porterías, se colocarán dúas novas canastras de baloncesto.

Finalmente, no parque infantil do Souto, o pavimento, na actualidade é de céspede e nas zonas con maior impacto conta con area. Dispón dunha estrutura, un bambán con asento berce e outro asento táboa e un muelle individuais e dous balancíns, ademais dunha casita e un tobogán baixo. Formúlase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario e con un novo aporte árido, ademais de complementar cun tobogán alto e cun bambán cesta.

No “préstamo 2018” propónse a inclusión da actuación denominada “Descrición técnica para o acondicionamento do lateral da pista polideportiva de Santa María de Vigo e cuberta do acceso ao polideportivo de O Temple. Cambre”. Con este proxecto propónse en primeiro lugar dar solución aos problemas existentes na pista polideportiva de Santa María de Vigo, permitindo o uso complementario do espazo lateral da pista para certas actividades lúdicas que comportan o uso de vehículos, e dotando tanto ao local social como ao parque infantil anexo de un acceso pavimentado e accesible; e en segundo lugar, propónse a execución dunha cuberta que permita o acceso ao polideportivo de forma protexida respecto ás inclemencias do tempo, para o que se proxectan tres cubertas, cada unha de acordo coas características da zona na que se sitúa: a primeira, dada a proximidade entre o colexio e o polideportivo, na fachada do primeiro e sen prexudicar a iluminación natural das aulas; a segunda ancorada ao cerramento lateral do polideportivo e a terceira, encima da porta de acceso a este. Os 354.856,85 € restantes, propónse destinalos a amortización de débeda con entidades financeiras.

Dentro do POS + 2018 complementario propónse a obra denominada “Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e Renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre”, que ten por obxecto a actuación en varias rúas. Na rúa Párroco M. Cobas, na marxe dereita da beirarrúa, prevéase a substitución dos pavimentos actuais por un pavimento prefabricado, e pavimento de baldosa hidráulica relevo 30x30 de varias cores en pasos de peóns. Nas rúas Paseo Marítimo e Ánxel Fole, na superficie representada nos planos, se procederá á pavimentación da calzada mediante a extensión dunha capa de 5 cm. de espesura de mestura bituminosa en quente, incluso regularización, recrecido de pozos, sumidoiros, arquetas, potes e bocas.

Co proxecto denominado “Pavimentación do vial municipal 00307, Sobrecarreira, Sigrás, Cambre, preténdese renovar os firmes, abrindo e limpando gabias, fresando o pavimento nos arranques e zonas puntuais e pavimentando con mestura bituminosa en quente.

Así mesmo, formúlase a dotación dunha nova rede de augas fecais no lugar de Nebrixe (parroquia de Bribes), nos lugares de Sigrás de Abaixo (parroquia de Sigrás) e Fraiz (parroquia de Cecebre), e no Vilar (parroquia de Sigrás), e a súa conexión coa rede existente mediante a execución dos proxectos denominado “Ampliación de saneamento en Nebrixe (Bribes)”, “Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraiz (Cecebre)”, e “Ampliación do saneamento no Vilar (Sigrás)”, respectivamente.

Por último, propónse incluír no POS+ 2018 Complementario a actuación denominada “Renovación da rede de abastecemento en Peiraio, nos camiños municipais 210 e 259, Bribes, Cambre”. Nesta zona xa existe unha rede de abastecemento en PVC con máis de 30 anos de antigüidade. Esta rede fai circuíto pechado desde o depósito da Castellana. Con este proxecto preténdese substituír estes tramos de tubaxe por outros novos, concretamente no viario municipal codificado como 210 por tubaxe de fundición de Ø 100 mm e Ø63 mm para os enlaces cos cruces. Na zona do núcleo de Peiraio, no viario municipal codificado como 259 se substituirá por tubaxe de PVC de Ø63mm.

Tendo en conta o disposto no apartado 3 da base 2 das reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e:

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, recibida o 5 de outubro de 2017, respecto da elaboración do plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018.

Vista a circular procedente da Excm. Deputación provincial da Coruña, recibida o 8 de novembro de 2017, relativa á corrección do erro dos importes das achegas provinciais 2017 e 2018 comunicados a través da circular de aprobación das bases reguladoras do POS+ 2018.

Vistos os proxectos elaborados pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, polo enxeñeiro de camiños municipal, e polo arquitecto municipal.

Vistos os proxectos redactados por don Julio Moscoso Camer, colexiado nº 4350 COAG, don David Sarmiento Nogueira, colexiado nº 2833 COAG.

Vistos os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal de datas 27 e 28 de novembro de 2017.

Vistos os informes favorables relativos á dispoñibilidade de terreos emitidos conxuntamente polo enxeñeiro de camiños municipal, e pola secretaria xeral do Concello, así como os informes conxuntos do arquitecto municipal e da secretaria xeral do concello, emitidos con data 29 de novembro de 2017.

Visto os informes emitidos polo interventor municipal de data 29 de novembro de 2017.

Con base no anterior, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2018", "achega provincial 2017" e "préstamo provincial 2018":

#### A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>

#### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	440.752,88 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>440.752,88 €</b>



**C) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2018</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
----	0,00€	0,00€	0,00€
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>0,00€</b>	<b>0,00€</b>	<b>0,00€</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")</b>		<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Grupo de programa</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Proxecto básico e de execución de reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Cambre. Fase I	Programa 1532. Pavimentación de vías públicas	98.702,01 €	0,00€	98.702,01 €
Proxecto básico e de execución do espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala. Cambre	Programa 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento	240.844,66€	106,76	240.951,42 €
Proxecto básico e de execución para a remodelación, mantemento e conservación do Paseo dos Templarios. O Temple	Programa 1532. Pavimentación de vías públicas	55.444,21 €	0,00€	55.444,21 €
Mellora do parque infantil e pista polideportiva da Balastreira (Cecebre) e do parque infantil do Souto (Sigrás)	Programa 171. Parques e xardíns	37.445,91 €	0,00€	37.445,91 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>		<b>432.436,79 €</b>	<b>106,76 €</b>	<b>432.543,55 €</b>

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
Descrición técnica para o acondicionamento do lateral da pista polideportiva de Sta. Mª de Vigo e cuberta do acceso ao polideportivo do Temple. Cambre	35.999,48 €	0,00€	35.999,48 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2018</b>	<b>35.999,48 €</b>	<b>0,00€</b>	<b>35.999,48 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:**

<b>Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)</b>	<b>Deputación</b>
---	0,00 €
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	<b>0,00 €</b>

**E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:**

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
---	0,00 €
<b>Subtotal achega municipal 2018</b>	<b>0,00 €</b>

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
---	--	0,00€
<b>Subtotal achega municipal 2017</b>		<b>0,00 €</b>

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
BANCO DE SABADELL, S.A.	8075512816/54	354.856,85 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>354.856,85 €</b>

**G ) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2018	440.752,88 €		440.752,88 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2018	0,00 €	0,00€	0,00 €
	Achega 2017	432.436,79€	106,76€	432.543,55 €
	Préstamo 2018	35.999,48	0,00€	35.999,48 €
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
<b>F- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2018	354.856,85 €		354.856,85 €
<b>TOTAL</b>	Achega 2018	440.752,88 €	0,00€	440.752,88 €
	Achega 2017	432.436,79€	106,76€	432.543,55 €
	Préstamo 2018	35.999,48 €	0,00€	35.999,48 €
	<b>TOTAL</b>	<b>2.173.235,15 €</b>	<b>213,52 €</b>	<b>2.173.448,67 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e Renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre	Programa 1532. Pavimentación de vías públicas.	59.826,84 €
Pavimentación do viario municipal 00307, Sobrecarreira, Sigrás, Cambre.	Programa 153. Vías Públicas. 1532. Pavimentación de vías públicas.	33.639,32 €
Ampliación do saneamento no Vilar (Sigrás)	Programa 160. Rede de Sumidoiros.	44.541,72 €
Ampliación de saneamento en Nebrixe (Bribes)	Programa 160. Rede de Sumidoiros.	65.716,38 €
Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraiz (Cecebre)	Programa 160. Rede de Sumidoiros.	32.778,85 €
Renovación da rede de abastecemento en Peiraio, nos camiños municipais 00210 e 00259, Bribes.Cambre	Programa 161. Abastecemento domiciliario de auga potable	90.308,41 €
<b>TOTAIS</b>		<b>326.811,52 €</b>

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, isto de conformidade co establecido nas Bases nºs 2.1 e 5.3 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2018), publicadas no BOP nº 188 do 3 de outubro de 2017.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M<sup>a</sup> José García Hidalgo). Abstéñense os seis concelleiros do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M<sup>a</sup>



Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M<sup>a</sup> Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia